

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE FACENDA**

ORDE do 23 de xaneiro de 2017 pola que se resolve a convocatoria de provisión, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde do 15 de novembro de 2016.

Por Orde do 15 de novembro de 2016, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 229, do 30 de novembro, convocouse a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo vacante na Consellería de Facenda que se detalla no anexo desta orde.

De conformidade co establecido no artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, que aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e demais normativa vixente, esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro. Resolver a convocatoria pública efectuada por Orde desta consellería do 15 de novembro de 2016 e designar a persoa funcionaria, cuxos datos se sinalan no anexo desta orde, para ocupar o posto que tamén se especifica.

Segundo. O cesamento no actual destino efectuarase, segundo o previsto no artigo 14, do Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, aprobado polo Decreto 93/1991, do 20 de marzo, no prazo de tres (3) días contados a partir do seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou segundo o establecido na normativa de aplicación na súa Administración de orixe.

O prazo para tomar posesión do novo destino é de tres (3) días se non implica cambio de residencia ou de sete días se comporta cambio de residencia.

Cando o/a adxudicatario do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso o servizo activo, o prazo será de vinte (20) días.

O cómputo dos prazos de toma de posesión iniciarase cando rematen os permisos ou licenzas que, de ser o caso, se concedesen á persoa; no caso de incapacidade temporal a partir da data da alta.



Terceiro. A xefatura de persoal do centro onde cause baixa o funcionario ou funcionaria, así como a daquel en que acada o destino, efectuarán, dentro dos prazos sinalados no punto anterior, as dilixencias de cesamento e de toma de posesión e, a seguir, realizaranse os trámites para a súa alta na nómina.

Da dilixencia efectuada remitirase copia á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda.

Esta orde pon fin á vía administrativa e contra ela poderase recorrer potestativamente en reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG ou impugnala directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017

Valeriano Martínez García
Conselleiro de Facenda

ANEXO

Datos do/da funcionario/a:

Nome e apelidos: María Rocío Gondar Serantes.

Número de rexistro de persoal: 3545770902 A2059.

Corpo ou escala: corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Subgrupo: C2.

Datos do posto de traballo:

Denominación: secretaria/o director/a xeral.

Código do posto: FCC040000015770001.

Nivel: 18.

Centro directivo ou dependencia: Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Localidade: Santiago de Compostela.

